



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

En relación coa “*instrucción de servizo 1/2022 sobre a xustificación da ausencia de fraccionamento indebido do obxeto do contrato nas propostas de contratación menores*”, asinada pola secretaría xeral desta Deputación Provincial de Ourense en data 04/10/2022, para dar cumprimento o artigo 118 da Lei 9/2017 de contratos do Sector Público.

Esta instrucción de servizo está relacionada con “**unha recente sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Ourense (núm. 169/2022 de 20.09.2022)**, que ven a aclarar que nos expedientes de contratación menores, as propostas de contratación deben xustificar motivadamente a ausencia de fraccionamento indebido do obxeto do contrato, **considerando que unha mera declaración do asinante da proposta de que a mesma non incorre en fraccionamento indebido do obxeto do contrato, NON satisfai os requisitos da motivación exixidos pola norma.**”

Polo exposto, **SOLICITAMOS copia da sentenza anteriormente referenciada.**

En Ourense, a 10 de outubro de 2022.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE